

Artigo 4º.-Proposta de subministración.

Os participantes no programa deberán presentar unha proposta de subministración de produtos lácteos a centros escolares e asumir os correspondentes compromisos, segundo o establecido no artigo 8.1º da orde desta consellería, do 30 de maio de 2002.

Artigo 5º.-Solicitude de pagamento da axuda.

1. As solicitudes de pagamento da axuda, presentadas por solicitante autorizado, debidamente asinadas, serán formalizadas de acordo cos modelos previstos nos anexos VII e VIII da orde desta consellería, do 30 de maio de 2002, xuntando á solicitude a documentación a que se refire o artigo 9.3º da dita orde.

De conformidade co previsto no artigo 9.2º da dita orde, o prazo de presentación das solicitudes rematará o último día do cuarto mes seguinte ao da subministración dos produtos. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas no quinto e sexto mes seguinte, reducíndose o seu importe nun 5%, se o atraso é inferior a un mes, e nun 10%, nos demais casos.

2. As solicitudes presentaranse nos servizos provinciais do Fogga, ou por calquera dos modos previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 6º.-Financiamento.

1. Esta convocatoria tramítase de conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, de tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.60.614A.779.0, do orzamento de gastos do Fogga para 2005, por importe de 350.000 euros.

2. En todo caso, a concesión das axudas condicionarase á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposicións adicionais

Primeira.-Conforme o previsto no artigo 9.3º, parágrafo 2º, da orde desta consellería, do 30 de maio de 2002, cando na solicitude de pagamento (anexo VII da dita orde) non autorizasen ao Fogga para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e da Consellería de Economía e Facenda a expedición dos certificados acreditativos de estar ao día das súas obrigas tributarias e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública desta Comunidade Autónoma, os solicitantes deberán achegar as ditas certificacións xunto coa solicitude de pagamento da axuda, agás no caso de que

o importe da axuda non exceda de 1.500 €, suposto no que quedarán exentos de achegar os xustificantes correspondentes.

Segunda.-Todas as referencias efectuadas pola orde desta consellería, do 30 de maio de 2002 ao Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia entenderanse feitas ao Fondo Galego de Garantía Agraria, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director do Fondo Galego de Garantía Agraria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o un de xaneiro de dous mil cinco.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

Orde do 15 de decembro de 2004 pola que se convocan para o ano 2005 as axudas no sector das forraxes desecadas.

A orde da anteriormente denominada Consellería de Agricultura, Gandaría e Política Agroalimentaria, do 16 de outubro de 2000 (DOG nº 206, do 24 de outubro) regula o procedemento para a concesión das axudas no sector das forraxes desecadas, conforme o previsto nos regulamentos (CE) 603/1995 (actualmente o Regulamento 1786/2003, do 29 de setembro), do Consello, do 21 de febreiro, e 785/1995, da Comisión, do 6 de abril, e no Real decreto 283/1999, do 22 de febreiro, de acordo coas funcións que lle corresponden ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).

A devandita orde cumpre os extremos previstos, para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións, no artigo 78.6º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, polo que, previstas as bases reguladoras das axudas no sector das forraxes desecadas, con vixencia indefinida, na Orde do 16 de outubro de 2000, cómpre establecer a convocatoria das devanditas axudas para o ano 2005, mediante esta orde.

Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002,

do 14 de febreiro, modificado polo Decreto 161/2003, do 13 de febreiro

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das axudas no sector das forraxes desecadas, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 16 de outubro de 2000, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 206, do 24 de outubro.

Artigo 2º.-Condições e finalidade.

1. As axudas no sector das forraxes desecadas concederanse ás empresas de transformación autorizadas, polas forraxes desecadas que tiveran saída das ditas empresas e que cumpran as condicións de calidade, humidade, e proteína bruta, previstas nos artigos 8 do regulamento 603/1995 e 3 do Regulamento 785/1995.

2. As ditas axudas forman parte das medidas previstas na organización común de mercados no sector das forraxes desecadas (Regulamento (CE) 603/1995, do 21 de febreiro), que teñen por finalidade acadar os obxectivos da política agrícola común, establecidos no tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 3º.-Solicitudes de axuda.

1. As solicitudes de axuda formularanse de acordo co modelo do anexo III da orde desta consellería, do 16 de outubro de 2000.

De conformidade co previsto no artigo 15.3º da dita orde, o prazo de presentación das solicitudes de axuda será de corenta e cinco días naturais, contados a partir do seguinte ao da finalización do mes no que saíran as forraxes da empresa de transformación, pola cantidade de forraxes desecadas que saísen durante o dito mes. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas ata vinte días naturais seguintes, coa redución, de ser o caso, do 1% do importe da axuda por cada día hábil, agás sábados, de atraso, conforme o previsto no punto 4 do mesmo artigo.

2. As solicitudes presentaranse nos servizos provinciais do Fogga ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 4º.-Anticipos e garantías.

Logo de que as forraxes desecadas abandonarán a empresa transformadora, esta poderá solicitar o anticipo previsto no artigo 18º da Orde do 16 de outubro de 2000, xuntando as garantías que, para cada suposto, se sinalan nos puntos 1, parágrafo segundo, e 3 do dito artigo, por importe, no primeiro suposto, de 13,76 euros/tonelada (para as forraxes deshidratadas, concentrados de proteínas e produtos deshidratados) ou de 7,73 euros/tonelada (para as forraxes desecadas ao sol) e, no segundo suposto,

do 110% do anticipo (anterior á comprobación do dereito á axuda).

Artigo 5º.-Financiamento.

1. Esta convocatoria tramitarase de conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, de tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.60.614A.779.0 por importe de 115.000 euros, do orzamento de gastos do Fogga para 2005.

2. En todo caso, a concesión das axudas condiciónase á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os solicitantes das axudas poderán presentar os certificados de estar ao día das súas obrigas fiscais ou ben poderán autorizar o Fogga para que solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a información á que se refire o artigo 78.4º c) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, agás no caso de que o importe da axuda non exceda 1.500 €, suposto en que estarán exentos de achegar os xustificantes correspondentes.

Segunda.-Todas as referencias efectuadas pola orde desta consellería, do 16 de outubro de 2000 ao Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia entenderanse feitas ao Fondo Galego de Garantía Agraria, de conformidade co previsto na disposición adicional quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro.

Disposición transitoria

Única.-De acordo co previsto nos artigos 25 e 26 do Regulamento (CE) 1786/2003, do Consello, do 29 de setembro, a partir do 1 de abril de 2005 as referencias ao Regulamento 603/1995 consideraranse feitas ó Regulamento (CE) 1786/2003, conforme o cadro de correspondencias que consta no anexo deste último regulamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director do Fogga para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e será de aplicación desde o un de xaneiro de dous mil cinco.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

Orde do 15 de decembro de 2004 pola que se convocan para o ano 2005 as restitucións á produción no sector dos cereais.

A orde da anteriormente denominada Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, do 24 de maio de 2000 (DOG nº 106, do 1 de xuño), regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais, conforme o previsto nos regulamentos (CEE) 1766/1992, do 30 de xuño, do consello, relativo á OCM dos cereais (actualmente o Regulamento 1784/2003, do 29 de setembro) e 1722/1993, da comisión, do 30 de xuño, de acordo coas funcións que lle corresponden ao Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga).

A devandita orde cumpre os extremos previstos para as bases reguladoras aplicables á concesión de axudas e subvencións, no artigo 78.6º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, conforme a redacción dada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, de medidas fiscais e orzamentarias e de función pública e actuación administrativa, polo que, previstas as bases reguladoras das restitucións á produción no sector dos cereais, con vixencia indefinida, na Orde do 24 de maio de 2000, cómpre establecer a convocatoria das devanditas restitucións para o ano 2005, mediante esta orde.

Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, modificada pola Lei 11/1988, e no Decreto 50/2002, do 14 de febreiro, modificado polo Decreto 161/2003, do 13 de febreiro,

DISPÓÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das restitucións á produción no sector dos cereais, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 24 de maio de 2000, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 106, do 1 de xuño.

Artigo 2º.-Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder ás restitucións á produción no sector dos cereais, deberanse cumprir os requisitos establecidos no artigo 2.1º da Orde do 24 de maio de 2000, referidos á tenza dun centro de produción en Galicia, a dispor da cualificación de fabricante autorizado, a levar unha contabilidade material específica e á presentación da solicitude de certificado de restitución; sen prexuízo do indicado nos puntos 2º e 3º do dito artigo.

2. As ditas restitucións á produción forman parte das medidas previstas na organización común de mercados no sector dos cereais (Regulamento (CE) 1784/2003, do 29 de setembro), que teñen por fina-

lidade acadar os obxectivos da política agrícola común, establecidos no tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 3º.-Solicitudes de restitución.

1. Obtido o certificado de restitución e, de ser o caso, de que o produto estea incluído no código NC 3505.10.50, presentada ademais a garantía correspondente, os fabricantes autorizados poderán solicitar o pagamento da restitución logo de que o amidón ou a fécula fosen utilizados na fabricación dos correspondentes produtos autorizados. As solicitudes de pagamento da restitución, debidamente asinadas, formularanse de acordo co modelo do anexo VIII da orde desta consellería, do 24 de maio de 2000.

De conformidade co previsto no artigo 5.3º da dita orde, o prazo de presentación das solicitudes será de doce meses, contados a partir do último día de validez do certificado de restitución. Non obstante, admitiranse as solicitudes presentadas nos 18 meses seguintes ao de remate do prazo anterior, minorándose o importe da restitución nun quince por cento.

2. As solicitudes presentaranse nos servizos provinciais do Fogga ou en calquera dos lugares previstos no artigo 30.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Artigo 4º.-Anticipos e garantías.

Utilizado o amidón e presentada a solicitude de pagamento da restitución, o fabricante poderá solicitar o anticipo do seu importe, achegando unha garantía por importe igual á cantidade solicitada máis un quince por cento adicional, conforme se establece no artigo 8 da Orde do 24 de maio de 2000.

Artigo 5º.-Financiamento.

1. Esta convocatoria tramítase de conformidade co previsto na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, de tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas do 27 de novembro de 2000 e 25 de outubro de 2001. O seu financiamento efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.60.614A.779.0 por importe de 10.000 euros, do orzamento de gastos do Fogga para 2005.

2. En todo caso, a concesión das restitucións condiciónase á existencia de crédito axeitado e suficiente e limitarase ás disponibilidades orzamentarias, debendo procederse á tramitación do oportuno expediente de xeración e ampliación de crédito no caso de que a cantidade inicialmente consignada non resulte suficiente.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os solicitantes das axudas poderán presentar os certificados de estar ao día das súas obrigas fiscais ou ben poderán autorizar o Fogga para solicitar da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Consellería de Economía e Facenda a